




Prevencción de Riscos Laborais

Despois de que CIG Saúde Ferrol denunciara fai máis dun ano na Inspección de Traballo a mala xestión realizada en materia de Prevencción de Riscos Laborais polo anterior Xerente, Luis Verde, e o seu director de Recursos Humanos, Javier Nistal, cunha denuncia que abarcaba integralmente toda a Prevencción e que a Inspección se puxera mans a obra, sacamos este voceiro para darvos conta da situación actual. Pódese dicir que sí houbo algúns cambios coa nova Dirección pero estes son insuficientes e seguen existindo graves incumprimentos normativos.



CIG Saúde Ferrol DENUNCIA QUE SEGUIMOS SEN PLAN DE EMERXENCIA NO MARCIDE, NO NAVAL E SEN MEDIDAS DE EMERXENCIA NOS CENTROS DE PRIMARIA DA ÁREA SANITARIA DE FERROL

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA QUE AS/OS TRABALLADORAS/ES DO SERVIZO DE URXENCIAS DO MARCIDE SON EXPOSTAS/OS A RADIACIÓNS IONIZANTES (RAIOS X)

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA QUE A INVESTIGACIÓN E SEGUIMENTO DOS ACCIDENTES DE TRABALLO OCORRIDOS NA ÁREA SANITARIA DE FERROL NON SE AXUSTA A LEI

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA E RECORDA A XERENCIA DE FERROL QUE A VIXILANCIA DA SAÚDE É UN DEBER EMPRESARIAL E QUE NON SE DEBE CARGAR ESE DEBER ÁS COSTAS DAS/OS TRABALLADORAS/ES DA ÁREA SANITARIA DE FERROL !!!!



www.cig-saude.org
... a nosa forza !

CIG Saúde Ferrol denuncia que seguimos sen Plan de Emerxencia no Marcide, no Naval e nos Centros de Primaria da Área Sanitaria de Ferrol

CIG Saúde Ferrol formulou unha **DENUNCIA** ante a Inspección de Traballo porque asegura que os hospitais da Área Sanitaria de Ferrol non teñen aínda un plan de emerxencia implantado e que o Ambulatorio Fontenla Maristany e os demais Centros de Saúde de Atención Primaria da nosa Área carecen de medidas de emerxencia, isto é, "non teñen previstas as continxencias que se poden derivar dunha situación de extrema urxencia ou incendio". Por todo iso, as delegadas de prevención de **CIG Saúde Ferrol** fixeron constar na súa denuncia ante a Inspección de Traballo "que a Xerencia de **Xestión** Integrada de Ferrol está incumprindo o disposto no artigo 20 da Lei de Prevención de Riscos Laborais".

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA QUE resulta inaudito que a Administración incorra neste tipo de prácticas, que desprezan os dereitos dos e das traballadoras e que supoñen un risco notable para o persoal do centro, para as do resto de empresas que operan no mesmo e para os usuarios e usuarias dun centro destas dimensións.

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA QUE no último Comité de Seguridade e Saúde foinos presentado o documento correspondente ós plans de emerxencia do Marcide e do Naval, un documento con múltiples erros en canto a configuración dos equipos de emerxencia (falaron cos traballadores para que estes foran voluntarios ou se incentivasen dalgunha maneira???), non se fixo un estudo xeral do centro de traballo anotando as deficiencias, non se comprobaron os percorridos de evacuación, non se identificaron correctamente as situacións de alto risco no caso de emerxencia...en definitiva, un documento no que a Xerencia leva uns 10 anos traballando e que foi alegado amplamente por esta organización sindical por non axeitarse a normativa. Dicar ten que a Xerencia sempre contesta o mesmo a todas as nosas preguntas: "**lo miraremos**".

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA ESTA GRAVÍSIMA SITUACIÓN preguntándose para cando vai estar implantado un adecuado plan de emerxencias nos hospitais da Área Sanitaria de Ferrol e as medidas de emerxencia nos Centros de Saúde. Cando se vai dar formación ós profesionais e o conxunto de traballadores do centros? Se hai unha emerxencia, como actuamos?

CIG Saúde Ferrol denuncia que os e as traballadoras do Servizo de Urxencias do Marcide son expostas a Radiacións Ionizantes (Raios X)

CIG Saúde Ferrol ven de presentar ante a **AUTORIDADE LABORAL COMPETENTE** unha denuncia pola exposición a radiacións ionizantes (RX) no Servizo de Urxencias. Esta exposición débese a utilización masiva de equipos portátiles de raios X neste servizo, facéndose de media uns 15 portátiles ó día. Estes realízanse en calquera punto de urxencias segundo se precise, irradiando desta maneira os/as traballadoras circundantes ó punto onde se está a facer a radiografía. **CIG Saúde Ferrol DENUNCIÓU e DENUNCIA** que non se proporciona ningunha medida de seguridade e de protección para os traballadores, isto é, non hai ningún tipo de blindaxe estrutural (parede chumbada por ex.), non se proporciona dosímetros para medir ou controlar a radiación que reciben, non se proporciona ningún tipo de equipo de protección individual como mandís de chumbo, etc.

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA que a Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol **NON** está a adoptar ningunha medida de protección fronte a exposición a radiación ionizantes no caso de **XESTANTES**. **CIG Saúde Ferrol DENUNCIA** que dende que a xestante deste servizo solicita adaptación de posto á UPRL, esta tarda máis de 2 meses en resolver a adaptación, tendo constancia ademais, como nalgún caso non se adoptou medida de protección algunha ata o 2º trimestre de xestación, sendo no primeiro trimestre de xestación cando existe un maior risco por exposición a este tipo de radiacións.

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA ademais a inoperatividade da Unidade de Protección Radiolóxica e da UPRL, e en definitiva, o incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais (artigo 26 da Lei 31/1995) e do regulamento de protección sanitaria (R.D. 783/2001) por parte da Xerencia de Ferrol. **CIG Saúde Ferrol CALIFICA** esta situación de "alarmante" e "insostible" como a non aplicación de medidas de prevención contra a exposición de raios X no caso de traballadoras xestantes e das/os restantes profesionais do servizo, así como que a Xerencia aínda non teña elaborado un listado de postos de traballo exentos de risco para o embarazo.

CIG Saúde Ferrol RECLAMA á Inspección de Traballo que esixa e controle o cumprimento da normativa de prevención fronte ó risco exposición a radiacións ionizantes en tódolos seus puntos: avaliación e control do risco, adopción de medidas preventivas, protocolos de actuación, información e formación as/ós traballadoras/es.

CIG Saúde Ferrol denuncia e recorda a Xerencia de Ferrol que a vixilancia da saúde é un deber empresarial, e que non se debe cargar ese deber ás costas das/os traballadoras/es da Área Sanitaria de Ferrol!!!!

Remitiuse desde a Xerencia unha información da “Campanha de Vixilancia periódica da saúde dos profesionais. Recoñecemento médico Laboral” e a citación automatizada para recoñecementos. **CIG Saúde Ferrol** queremos informar ás traballadoras e traballadores do seguinte:

1º) **A solicitude de citación é totalmente voluntaria** por parte das/os traballadoras/es e non exime á empresa da súa obriga de citación das/os traballadoras para realizar a vixilancia da saúde.

2º) **En ningún caso, o feito de non acudir á cita ou a anulación da mesma implica a renuncia á vixilancia da saúde, por parte da traballadora/or.** A renuncia debe cumprir cuns requisitos e entre eles atópase, a debida citación á/ao traballadora/or por parte da unidade de prevención de riscos laborais e a renuncia escrita e asinada por parte da traballadora/or.

A Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol **ten obrigas legais de cara as/profesionais de esta Área**, entre elas atópase a realización da vixilancia da saúde, a programación da mesma en función dos riscos de cada posto de traballo, a citación das/os traballadoras/es e que estes podan (nalgúns casos) renunciar a vixilancia da saúde de forma escrita. O SERGAS pretende que as/os traballadoras/es sexan quen pidan cita para facer recoñecemento médico de empresa a través desta plataforma informática, como se fomos coller cita para a ITV do coche, na que o propio traballador/a e o/a que ten que solicitala eludindo así, o SERGAS, parte das súas responsabilidades.

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA que a traveso desta plataforma non se garanten requisitos normativos no tocante á vixilancia da saúde das/os traballadoras/es, pois:

A vixilancia da saúde é unha obriga empresarial, polo que á Xerencia ou a Unidade de Prevención de Riscos Laborais quen ten que citar a/o traballador/a e non cargar esta responsabilidade a este como se fora quen tivera obrigas neste sentido.

Que a vixilancia debe ser específica, isto é, debe ser un recoñecemento específico que ten que facerse en función dos riscos ós que está exposto/a o traballador/a no seu posto de traballo. Qué pasa se eu pido a cita para o recoñecemento médico e non está feita a avaliación de riscos do meu posto de traballo?. Farannos un recoñecemento inespecífico? Si isto é así, irase en contra dos principios que se recollen na lei de prevención de riscos laborais incumprindo a legalidade.

A vixilancia da saúde tena que planificar o empresario ou a Unidade de Prevención de Riscos Laborais, comprobar que a avaliación de riscos do posto de traballo está feita, está protocolizada, e polo tanto, **SER A PROPIA EMPRESA QUÉN CITE.**

Pretendese que con pedir unha cita e non asistir á mesma, ou proceder á anulación, se entenda que a traballadora “RENUNCIA” á vixilancia da saúde na presente campaña? **Nada máis lonxe da realidade e da legalidade.**

CIG Saúde Ferrol DENUNCIÓU no Comité de Seguridade e Saúde e na Inspección de Traballo, o inapropiado dese programa de citación, así como a ilegalidade de considerar a non asistencia ou anulación da cita, como renuncia ao recoñecemento.

CIG Saúde Ferrol INSTAMOS a Xerencia a que informe correctamente ás/os traballadoras desta Área, xa que no Comité de Seguridade e Saúde informou nuns termos que non se corresponden co que se remitiu nos correos, desinformando e restrinxindo dereitos dos e das traballadoras da Área de Ferrol.

**NON DEBEMOS DEIXAR QUE XERENCIA EVITE AS SÚAS RESPONSABILIDADES
NO TOCANTE Á VIXILANCIA DA SAÚDE**

**RECORDADE QUE NON TEMOS OBRIGA DE PEDIR CITA
É A XERENCIA QUEN NOS DEBE CITAR**

CIG Saúde Ferrol denuncia que a investigación e seguemento dos accidentes de traballo ocorridos na Área Sanitaria de Ferrol non se axusta á Lei

Segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais a Xerencia de Ferrol ten a obriga de investigar tódolos accidentes de traballo. O obxectivo principal é averiguar as causas que xeraron o accidente e aplicar as medidas preventivas para que non se volte a producir novamente o accidente.

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA que a única información que recibe por parte da Xerencia é a notificación do accidente e as programacións das correspondentes investigacións, non recibindo ningunha información posterior máis que un informe semestral de investigación dos accidentes “bastante pobre” no que non se especifican as causas relevantes dos accidentes, chegando a dicirse que os accidentes ocorren de maneira casual ou fortuíta. **CIG Saúde Ferrol DENUNCIA** que todo accidente ocorre por unha causa, causa que hai que investigar escrupulosamente, cousa que non se está a facer pola actual Xerencia.

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA que no informe semestral que se envía os/as delegadas non se contesta a preguntas tan importantes en toda investigación como ¿Qué tivo que ocorrer para que o accidente se producise?. A Xerencia non está a detectar as causas relevantes de porqué ocorren os accidentes, polo que tampouco se poden propoñer medidas axeitadas para evitar a repetición do accidente, atopándonos medidas coma “que o traballador extreme as precaucións”, etc., en definitiva, cargando de responsabilidade a/o traballador e eximíndose a Xerencia de implantar as medidas que lle corresponde.



CIG Saúde Ferrol DENUNCIA que tampouco se lle envía os/as delegadas a cualificación dos accidentes de traballo por gravidade da lesión, polo que a día de hoxe, non coñecemos que porcentaxe hai de accidentes leves, graves ou moi graves na Xerencia.

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA que as poucas medidas correctoras que se propoñen no informe semestral que se lle remite os delegados de prevención, tampouco son implantadas pola Xerencia, non se concreta os responsables de levalas a termino e os prazos de execución.

CIG Saúde Ferrol DENUNCIA que tampouco existe un procedemento de investigación común a tódalas Xerencias, traballando cada unha por libre e sen criterio común, polo que nos preguntamos, para que vale o Servizo Central de Prevención de Riscos do SERGAS se non é capaz de sacar un procedemento unificado de investigación de accidentes para o SERGAS???

... máis información na nosa web

www.cig-saude.org/ferrol

Contacta connosco

TELÉFONOS

630594691 ESPECIALIZADA
670264501 PRIMARIA
647938026 SECRETARIA COMARCAL
981334566 A. MARCIDE
981358750 COMARCA

FAX

981334566 A. MARCIDE
981358760 COMARCA

WWW

WWW.CIG-SAUDE.ORG
www.cig-saude.org/ferrol
c.ferrol@cig-saude.org

